

## **A INCORPORACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS (TIC) NA RELACIÓN FAMILIA- ESCOLA- COMUNIDADE, NOS CENTROS 0-3 DE GALICIA.**

Xabier de Salvador,  
Manuel Carreira López

UDC (Universidade da Coruña)  
xabier@udc.es  
mcarreiral@udc.es

### **Resumo**

O plan de calidade na educación das escolas infantís (0-3) 2006-2009, proposto para a CC.AA. de Galicia, comprende entre outros proxectos: a creación dun portal educativo dirixido a comunidade educativa – aos pais e nais e profesionais- das escolas infantís da Xunta de Galicia, e garantir a inclusión das Novas Tecnoloxías da Información e a comunicación (TIC) e de novos recursos sociais. Fundamentado en dito plan a Consellería de Educación da Xunta de Galicia puxo a disposición de todos os centros infantís 0-3 que directamente dependen dela, ademais do portal educativo, un Blog asociado a cada centro para que as escolas incorporasen as TIC o uso cotiá, e especialmente, na relación cos pais, nais e comunidade educativa. A comunicación resume a análise realizada dos diferentes usos cos centros fan dos “Blog” existentes na actualidade: contidos que as escolas soben ao blog, entradas realizadas a longo do curso escolar, aplicacións e comentarios realizados, forma de participación dos usuarios. Tamén analízase o modo de xestionar e actualizar a ferramenta dende a Consellería. Este estudio realízase sobre os 92 blogs que actualmente están inseridos na rede.

### **Introdución**

No plano de perseguir e acadar unha mellor integración entre os elementos sociais, educativos e técnicos, unha das vías exploradas nos centros públicos 0-3 dependentes da Xunta de Galicia é a incorporación paulatina das TIC (Tecnoloxía da Información e da Comunicación) na practica habitual dos centros en todas as facetas, como ferramenta de aprendizaxe, de xestión e de comunicación. Obviamente, para levar adiante os obxectivos fixados é necesario primeiro ter a capacidade e os equipamentos, para elo, firmase un convenio coa Consellería de Industria para a mellora dos elementos técnicos, deste xeito, conéctanse todas as escolas infantís dependentes da Xunta cos servizos centrais por medio da intranet, e dótanse a todos os centros de conexión a internet de banda ancha.

Nun segundo paso crease o portal das escolas infantís, un portal de temática específica que aglutine a información e o acceso a toda a comunidade implicada especialmente pais e profesionais da educación incluídos os administradores dos centros.

### **Obxectivos**

O que pretendemos e facer unha análise dos “blogs”, creados a través do portal das Escolas de Educación Infantil para os centros 0-3 dependentes directamente da Xunta, e a súa utilidade como ferramenta na relación familia-escola para elo procuramos:

Coñecer o tráfico xerado.

Coñecer os contidos incorporados os “blogs”, as ferramentas multimedia empregadas.

Analizar os mecanismos de comunicación entre os usuarios e os centros.

Procurar descubrir variables independentes que correlacionen entre o maior e o menor uso dos “blogs”.

Comparar o uso dos “blogs” entre os dous diferentes tipos de centros 0-3 dependentes da Xunta (“Escolas de Educación Infantil” e “Galescolas”).

### **Metodoloxía**

A observación sistemática e pormenorizada dos elementos que compoñen o portal <http://escolasinfantis.net/> e máis especificamente a utilidade dos “blogs” a través de: [http://escolasinfantis.net/blogue\\_centro/](http://escolasinfantis.net/blogue_centro/) é parte fundamental do método empregado.

Empregaremos tamén unha matriz estatística elaborada co programa SPSS que contén os datos relativos aos centros 0-3 dependentes directamente da Xunta (dirección, concello, número de prazas, censo municipal do 2008 que recolle a poboación de nenos/as de 0-2 anos, dirección de correo electrónico) de elaboración propia o que lle engadimos variables con información referida o funcionamento dos “blogs”, o número de anotacións en cada un deles, as páxinas, os comentarios. Realizamos os estatísticos descritivos destas variables e analizamos a posible existencia de correlacións entre o número de anotacións e de comentarios empregando unha correlación bivariada e seleccionando o coeficiente de correlación de Pearson ao tratarse de dúas variables de intervalo, o mesmo procedemento foi empregado coas variables anotacións e número de prazas no centro, e anotacións e censo.

Elaboramos as táboas de continxencia entre os dous tipos de centros.

Solicitamos información a informantes claves como o administrador da portal, asesor pedagógico.

### **Resultados**

O portal <http://escolasinfantis.net/> permite o acceso a diferentes tipos de usuarios con diferentes perfís e capacidade de acción, distinguíndose:

1) Usuario convidado: O portal non está restrinxido podendo entrar sen estar rexistrado:

- Consultar información pública,( prazos para solicitar matrícula, lista de admitidos.)
- Acceso os “blogs” dos centros e “blogs” persoais.
- Localizar e consultar información das escolas.
- Solicitar o rexistro.
- Realizar consultas co administrador da páxina.

2) Persoas usuarias con perfil nai/pai, ata fecha 701 rexistrados, teñen capacidade de:

- Acceder a información específica do seu centro.
- Participar en foros.
- Enlazar o seu “blog” persoal.
- Comunicarse con especialistas e profesionais da educación.
- Facer seguimento on-line das crianzas.
- Editar e modificar o seu perfil.

A realidade é que moitas destas posibilidades o son dende a capacidade técnica pero non están en funcionamento por mor de falta de tempo dos profesionais dos centros e falta de coñecemento no uso destas ferramentas. Nesta primeira etapa da páxina decidiuse centrarse no fomento e uso dos “blogs” para non atafegar nin aos profesionais da educación nin aos posibles usuarios, aínda que as ferramentas están xa dispoñibles dende o plano tecnolóxico. Así non hai emprego de “chats”, foros e “portfolio” mais que experiencias en centros piloto que non son relevantes, só un centro mantén o “portfolio” dos nenos pero como un lugar onde colgar información “privada” destes, á que unicamente teñen acceso o pai/nai do neno/a.

3) Usuario Profesional da educación infantil, a data de hoxe son 158 usuarios con este perfil, teñen :

- Acceso á información específica do centro.
- Suxestión e recursos educativos.
- Xestión de fichas das crianzas.
- Comunicación coas nais/pais e especialistas.
- Participación en foros.
- Blog persoal.

4) Usuario Administrador do centro, 96 administradores do centro.

- Creación e mantemento do Blog da escola.
- Publicación de documentos, eventos e actividades específicas do seu centro.
- Actualizacións dos datos do comedor virtual.
- Xestión de usuarias/os vinculados ao centro.

5) Usuario especialista:

- Resposta a dúbidas referentes á súa disciplina de especialización
- Consulta de información.
- participación en foros.

6) Administrador xeral:

- Xestión e difusión da información.
- Resposta de dúbidas dos usuarios.
- Altas e baixas dos centros.
- Xestión dos usuarios.

Especialmente nos usuarios profesionais da educación e administrador do centro son moitos os que empregan a mesma conta para configurar e actualizar os blogs , polo que son moitos menos os usuarios rexistrados que os que empregan habitualmente as ferramentas.

O portal comezou a funcionar como experiencia piloto no ano 2007 na que participaban 4 escolas infantís.

As visitas medraron de 1.658 visitas no mes de Abril de 2007 con 1,53GB de transferencia de información mensual e 51.994 páxinas accedidas, a ter en Maio de 2009, 11.431 visitantes distintos, 28.063 visitas, 620.181 páxinas servidas e un total de 115,52 GB de tráfico servido. Estas cifras de visitas refírense ao conxunto das ferramentas multimedia que ofrece, é contabilízanse dende a páxina web, nas que por suposto cobra un peso moi importante a propia páxina web, que nace coa vontade de converterse en nexo de información para os elementos implicados no ciclo 0-3 e facilitar os tramites administrativos, o portal divide os seus contidos entre tres amplos grupos de receptores dos contidos, educadores, crianzas, familia e identifica estes contidos cun gráfico de sectores.



**Destinatarios/as:** Crianzas Familia Educadores/as


Entre as moitas posibilidades do portal de <http://escolasinfantis.net/> destacan:

INFORMACIÓN:

Información xeral:

- Listado de admitidos/as nas escolas infantís
- Plan de formación
- Xeral
- Experiencias educativas.
- Infancia e Saúde.
- Información de matriculación.
- Espazo 0-3.
- Selección persoal Galescolas.

- Bolsas de Axuda. 

- Información de Escolas: 

- Permite o acceso a todas as escolas dependentes da Xunta, e ofrece a través de 3 pestanas : 1) información xeral do centro, o seu enderezo, teléfono, Email, se ten servizo de comedor, quen é a súa directora/o e un enlace directo o seu blog,2) Mapa da escola ( enlace con Google earth ou similar,non dispoñible), 3) Documentos do centro.

- Preguntas Frecuentes: 

- Actividades extraescolares

- Foros

- Procesos de selección das Galescolas.

- Blog.

- Matriculación.

- Xeral.

- Directorio. 

## SERVIZOS

Plan de Formación. 

Dirixido os profesionais das escolas, , Ofrece información completa sobre a formación do ano 2009 e permite facer todos os tramites de matricula

Recursos Educativos. 

Bibliografía, enlaces de intres na web, artigos temáticos, recursos educativos on-line, propostas didácticas e experiencias, ferramentas para a creación de recursos. Todo de libre acceso tamén para usuarios non rexistrados.

Pago de Taxas. 


Facilita o procedemento de abono das taxas mensuais correspondentes ás escolas infantís 0-3 dependentes da Xunta (ata a data só está dispoñible para as escolas directamente dependentes da Consellería de Traballo e Benestar). Establécense dous procesos de pagamento diferenciados:

**Pago telemático.** Todo o proceso de pago pódese realizar a través de internet mediante a utilización dunha tarxeta.


**Obtención de formularios e pago presencial.**


Galería Fotográfica. 

Permite o visionado de fotografías dos diferentes eventos programados, cursos , xornadas...

Eventos e actividades. 

Xestiona mediante un calendario as actividades e eventos programados.

Novas. 

Foros.  (non funciona)

Documentación Nutricional. 

Información e propostas nutricionais, documentación sobre o tratamento das alerxias aos alimentos, unha serie de de receitas para diferentes tipos de dietas, guías e manuais para planificar unha adecuada alimentación para as crianzas, documentación sobre como evitar a obesidade infantil.

Blogs dos centros. Blogs persoais.

Entre as ferramentas máis vinculadas ao fomento da relación familia-escola destacan:

Educad@r Online: permite a comunicación de pais/nais cos profesionais da educación asignados aos seus fillos/as podendo establecer comunicación de xeito asíncrona entre eles.

Blogs persoais e dos centros.

Chat.

Foro dos centros.

Portfolio dos nenos/as (permite ver o seu progreso en liña, as súas elaboracións consultando e accedendo a traballos feitos polo neno/a)

As posibilidades tecnolóxicas son moitas e aumentan de xeito exponencial en todas as direccións, a simple elección de cales poden ser as máis adecuadas para a labor dos centros tornase complexa, tanto que a maioría das citadas anteriormente reduciranse por cuestións de operatividade a potenciación do emprego dos Blogs.

Os Blogs accedese ben a través do portal no menú de servizos que nos vincula directamente con [http://escolasinfantis.net/blogue\\_centro/](http://escolasinfantis.net/blogue_centro/) ven entrando nesta dirección ou xa directamente na páxina de cada blog de centro que pode estar vinculado en diferentes sitios.

A páxina [http://escolasinfantis.net/blogue\\_centro/](http://escolasinfantis.net/blogue_centro/) fai as funcións de pequeno portal de todos os Blogs e permite unha chea de interaccións, ten unha páxina principal e outra ca listaxe de Blogs.

Na principal preséntanos unha utilidade que nos dirixe o:

Blogue destacado do día, seleccionado entre os diferentes contidos, anotacións cos administradores subiron os seus blogs.

O Blog do mes seleccionado polo mesmo motivo, calidade dos contidos, accesos dos usuarios.

Blogs recentes, de recente creación.

## Usuarios recentes

Outra utilidade da páxina fai referencia os Blogs máis activos que ata fecha son:

Nome do Blog	Anotacións	Páxinas	Comentarios
Galescola de Poio	203	2	55
Galescola de Nigrán	189	4	356
Galescola de Pantón	154	6	106
Galescola de San Roque	129	9	65
Galescola de Mondoñedo	126	1	1

As anotacións recentes e os comentarios recentes enchen unha boa parte desta páxina principal, deixando un espazo importante as anotacións máis comentadas, que é directamente as entradas que máis fixeron participar os usuarios pois son as que máis comentarios obteñen.

Unha nube de etiquetas das clasificacións dos diferentes blogs enlázanos con temáticas como Cociña, Entroido, Familias.

O enlace con dous Blogs creados polas ANPAS ocupan un lugar visible.

Por último a tecnoloxía RSS permítenos estar sempre informados de anotacións, comentarios, páxinas e novas.

A pestana co listaxe dos Blogs permítenos o acceso a calquera dos 92 Blogs en funcionamento

Dende a posta en marcha da versión máis potente que está agora en funcionamento creáronse 92 Blogs do centro e 125 Blogs persoais.

Os elementos máis significativos destes Blogs son:

	<b>Blogs dos centros</b>	<b>Blogs persoais</b>
Anotacións	2.272	366
Páxina	152	148
Comentarios	1.135	204
Usuarios	156	125
Elementos multimedia	15.061	1.596
Imaxes	14.766	1.508
Vídeos	110	39
Audios	32	2
Aplicacións	152	47
Texto	19	0

As Anotacións fan referencia a unha entrada que se realiza no blog, un contido que o administrador sube ao blog (esta entrada pode compoñerse de texto) e un ou, xeralmente, varios elementos multimedia (imaxes, vídeos, audios, aplicacións, arquivos de texto). Poden os usuarios e os invitados realizar comentarios sobre a anotación, e clasifícanse por categorías segundo as preferencias de cada administrados, son xeralmente temáticas ( o Entroido, o Nadal, as saídas...) ou por orde temporal mes a mes.

O blog é a ferramenta máis potenciada dende a administración en todo este océano das TIC, certamente é a única ferramenta que empregan os centros para a vinculación entre familia-escola a través das novas tecnoloxías.

O esquema é moi sinxelo e consiste basicamente en ofrecer as familias, usuarios en xeral (non debemos esquecer que o servizo é aberto), un resumo das actividades significativas realizadas, polo xeral son álbums de fotografías comentadas cun pouco de texto das diferentes creacións, e a partir deste principio básico atopámonos as variantes que van dende a pericia e visión artística que teñan a/o fotografa/o, ate os elementos decorativos e de complementos que se engaden cos múltiples programas de tratamento de imaxes. O número, a calidade a profusión de detalles da actividade difire moitísimo e vai dende 3 ou 4 fotos dos nenos/as disfrazados na festa do Entroido ate verdadeiros reportaxes da elaboración dos disfraces, maquillado, e desfile acompañado por diferentes elementos multimedia, vídeos, composicións fotográficas, cancións. O final da anotación calquera usuario pode realizar comentarios da actividade descrita. Estes comentarios correlacionan positivamente coas anotacións ( $r=0,617$ ):

Inda co número de comentarios é reducido en xeral cunha media de 21 comentarios por Blog sobre unha media de 43 anotacións por Blog -inda non un comentario por cada dúas anotacións- a desviación típica é altísima de 52 para as anotacións (Blogs cunha anotación e outros con 203) e de 50 para os comentarios (de 0 nalgún blog a 356 noutro)

Nas anotacións votamos en falta, dende o noso punto de vista, certa orixinalidade no contido e no emprego da ferramenta, e certo que hai blogs moi elaborados pero pouco sorprendentes no contido. A categoría *Entroido* figura en todos os blogs, mais ou menos tratada con maior ou menor número de elementos, pero o marxe das elaboracións, algunhas con profusión de elementos multimedia, votamos en falta maior interacción coas familias e usuarios e non só mera contemplación (ningún blogs fai referencia a patróns ou modelos de disfraces, organiza algún xogo interactivo que favoreza o uso da ferramenta, non se rescatan lendas, nin cantigas, nin contos, nin adiviñas; e non se vincula con ningún enlace externo ao blog, a invitación a



iteración telemática é nula). Obviamente isto require tempo e habilidade, dous recursos escasos, pero vistas algunhas elaboracións o máis necesario é a “*imaxinación*” a “*orixinalidade*” recursos imprescindibles nestes tramos de idade. Certamente isto non é sempre deste xeito, algúns blogs destacan por estes dous recursos e pola cantidade de información o marxe, vínculos, enlaces, direccións, que ofrecen, pero maioritariamente a ferramenta é un simple, outras veces elaborado, escaparate do centro. Adiviñar o que se pretende vender nese escaparate presentáenos como outra tarefa canto menos curiosa. Actividades e categorías coma *Os alimentos* límitanse a reproducir as actividades programadas pero exceptuando un blog completísimo de cociña e nutrición, nin un só permite o enlace a páxina de nutrición das propias escolas:

[http://escolasinfantis.net/index.php?modulo=documentacion&accion=listado\\_categorias&id\\_pai=1](http://escolasinfantis.net/index.php?modulo=documentacion&accion=listado_categorias&id_pai=1), e son moi poucos os que aproveitan para intercambiar receitas e diferentes elaboracións, ningún, invita aos usuarios a empregar os comentarios como fonte de intercambio de coñecementos.

Moi socorrida son as entradas referidas a Aniversarios, nestas a falta de orixinalidade e manifesta, fotos do agasallado/a coa coroa, tarta ou biscoito son nas diferentes variantes o que nos podemos atopar. E a de “*Pep... deixa o cueiro*” na que invariablemente o neno/a é fotografado premendo o dispositivo do baño, (tirando da cadea), representa un novo reforzo conductual moi interesante tamén. Certamente estamos case que convencidos que poderíase coñecer en que actividade formativa, das ofertadas pola Vicepresidencia, están o estiveron enredando os profesionais do centro só polas entradas colgadas no Blog.

Dos 92 blogs creados, 53 realizaron algún tipo de anotación, o que significa o 57,6 % dos inicialmente preparados para o seu funcionamento.

Unha peculiaridade importante é que ata agora nos centros públicos dependentes da Xunta de Galicia diferenciábanse dous modelos, uns son os centros que dependían directamente da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar que son 26 centros que hoxe coa nova configuración política da Xunta pasaron a depender da Consellería de Traballo e Benestar, e por outra banda estaban os centros dependentes do Consorcio, no que se inclúen centros de nova creación e algún centro que dependía das corporacións locais, que automaticamente pasou a formar parte desta rede. Estes centros dependentes do Consorcio eran as denominadas “Galescolas” hoxe de novo “Escolas de Educación Infantil 0-3” pero circunscritas o Consorcio, dependente este a súa vez tamén da Consellería de Traballo e Benestar. A diferenciación é necesaria porque mentres que dos 66 blogs que se puxeron a funcionar para as “Galescolas”, 44 delas fixeron algunha anotación (o 66,7 % das mesmas); os 26 Blogs en funcionamento dos centros dependentes

directamente de Vicepresidencia fixeron algunha anotación 9 centros (o 34,6%). Para mellor entendemento, e como as modificacións, aínda que anunciadas, están pendentes de norma, empregaremos a antiga acepción, Escolas de educación infantil 0-3 e Galescolas.

**Tabla de continxencia Tipo de Centro \* blog funcionando**

			Tipo de centro		Total
			Centros dependentes da Consellería	Galescolas	
blog funcionando	NON	Recuento	17 (65,4%)	22 (33,3%)	39 (42,4%)
		<i>Residuos corregidos</i>	2,8	-2,8	
	SI	Recuento	9 (34,6%)	44 (66,7%)	53 (57,6%)
		<i>Residuos corregidos</i>	-2,8	2,8	
Total		Recuento	26	66	92

A diferenza entre un tipo de centro e outro é significativa: son as Galescolas as que “prefiren significativamente” os blogs funcionando.

Pero se existe diferenza entre os centros que poñen en funcionamento o seu blog, tamén entre os blogs funcionando existen algunhas diferenzas significativas entre os que dependen directamente de Vicepresidencia e os que dependen do Consorcio segundo o tipo de actuación nos blogs (anotacións, páxinas e comentarios):

<b>Blogs funcionando</b>	estadísticos	<b>anotacións</b>	<b>páxinas</b>	<b>comentarios</b>
GALESCOLAS (Centros dependentes do Consorcio) N=44	media	49,14	3,14	25,16
	<i>Rango medio</i>	29,11	27,66	29,39
centros dependentes de Vicepresidencia. (Escolas Ed. Inf.) N=9	media	12,22	1,56	3,11
	<i>Rango medio</i>	16,67	23,78	15,33
TOTAL (blogs funcionando) N=53	media	42,87	2,87	21,42
<b>U de Mann-Whitney</b>	z	-2,205	-0,779	-2,496
	<i>significación</i>	<b>0,027</b>	<b>0,436</b>	<b>0,011</b>

Se mentres a diferenza nos blogs en funcionamento era significativa en favor dos centros dependentes directamente do Consorcio, no caso das anotacións e comentarios realizados polos usuarios ao marxe é tamén significativa, pero non se manifestan diferenzas significativas no número de páxinas.

A diferenza nas anotacións e comentarios é moi notoria:, a cantidade de anotacións a proporción é claramente favorable ás “Galescolas” 95,1% de todas as anotacións (2162 dun total de 2272),

e resulta demoledora no que se refire aos comentarios, o 97,5% dos comentarios realizados nos blogs fanse nos dos centros dependentes do consorcio, nas Galescolas (1107 dun total de 1135). Definitivamente podemos concluir que os centros que fan uso da utilidade dos Blogs son maioritariamente “Galescolas”. E dentro destas son algunhas as que fan un uso habitual da ferramenta, destacando as cinco blogs máis activos apuntados anteriormente, que suman entre eles:

801 anotacións: o 35% do total de anotacións e o 37% do total das anotacións das Galescolas.

22 páxinas: o 14% do total de páxinas, e o 16% do total das páxinas das Galescolas.

583 comentarios: o 51% do total dos comentarios, e o 53% do total dos comentarios das Galescolas.

A inclusión das novas tecnoloxías, especificamente blogs, na practica diaria dependerá posiblemente da formación dos profesionais, da resposta (feedback) obtida dos usuarios, das facilidades cos/as traballadores teñan para acceder os recursos, do número de administradores do Blog, da idade dos profesionais, pero estas son outras hipóteses de traballo (para exemplo temos a Galescola de Pantón un centro que con 15 nenos/as e con 28 nenos/as de 0-2 no último padrón municipal, do ano 2008, está no 4º posto como blog máis activo con 154 anotacións, 6 páxinas e 106 comentarios). Nós podemos concluir que o uso dos Blogs é significativamente maior nos centros públicos dependentes directamente do Consorcio, as Galescolas, que nos centros dependentes directamente de Vicepresidencia, en todos os aspectos comparados, anotacións e comentarios.

### **Bibliografía.**

Aparici, Roberto (coord.) (1996). *La revolución de los medios audiovisuales. Educación y nuevas Tecnologías*. Madrid: ediciones de la Torre.

Forneiro, Iglesias (2001). Las nuevas tecnologías en la educación infantil y primaria. *revista de estudios e investigación en psicología y educación*, vol. 7, 317 -332

Hoyuelos, A. (2001). La participación de las familias en la sociedad a través de la Escuela. *Revista Padres y Maestros*, 65, 1-8.

Ignasi Vila (1998). *Familia, Escuela y Comunidad*. Barcelona: Horsori.

John Siraj-Blatchford (2005). *Nuevas tecnologías para la educación infantil y primaria*. Madrid: Ediciones Morata.

Luengo Sánchez, María de los Ángeles (2000). *Introducción de las nuevas tecnologías en la escuela infantil*. Madrid: Consejería de educación.

Medina Vela, M<sup>a</sup> del Carmen (2003). las nuevas tecnologías en el ámbito familiar con alumnos/as de educación infantil. *Pixel-Bit. Revista de Medios y Educación*, 021, 15-20.

Permuy Martínez, Beatriz (2009). Experiencia coas novas tecnoloxías en educación infantil... Xogando a aprender con TIC e TAC. *Revista galega de educación*, 43, 148-153.

Zamora Rodríguez, Elisa Teresa (2001). Educación infantil e medios informáticos. 'Educación infantil y medios informáticos'. *Revista galega do ensino*, 31, 181-188.